



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2024/C0005/000004: "Subministro de contedores para o Punto limpo fixo do Concello de Touro".

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, secretario-interventor do Concello de Touro do que é alcalde Roberto Castro Rocamonde,

CERTIFICA

Que o martes día 11 de xuño de 2024, a Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria, cos quórumos de participación e votación legalmente esixidos, adoptou o acordo que di:

"7 EXPEDIENTE 2024/C0005/000004: "Subministro de contedores para o Punto limpo fixo do Concello de Touro". Aprobación expediente de contratación.

ANTECEDENTES

EXPEDIENTE 2022/A008/000041. Solicitud de subvención á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao abeiro da Orde do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión EuropeaNextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022.

EXPEDIENTE 2024/C005/000004 no que consta a seguinte documentación:

- Memoria necesidade de contratación de incoación do expediente de contratación.
- Pregos de cláusulas administrativas particulares que rexen na contratación
- Prego de prescricións técnicas que rexen na contratación
- Informe de intervención
- Informe de secretaría
- Informe da Deputación Provincial da Coruña de análise previa de riscos, co fin de darlle debido cumprimento á delegación das atribucións do Concello de Touro (sesión de 23 de setembro 2022, aceptada polo Pleno da Deputación na sesión de 28 de outubro de 2022) en relación á prevención de riscos e de medidas anti-fraude na xestión do fondos NextgenerationEU (PLAN PREMADECOR).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS

Primeira.- Normativa de aplicación.

Tense en conta a seguinte:

- Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001 do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas.
- Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 5/1997 de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local e demais disposición concordantes que resulten de aplicación.

Segunda.- O contrato resulta necesario para o exercicio de competencias previstas no artigo artigo 26.1. a) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local sinala que os *Municipios deberán prestar, en todo caso, os servizos seguintes:*

En todos os Municipios: iluminación pública, cemiterio, recollida de residuos, limpeza viaria, abastecemento domiciliario de auga potable, rede de sumidoiros, acceso aos núcleos de poboación e pavimentación das vías públicas.

Co fin de mellorar o servizo de recollida residuos servizos detectouse a necesidade da implantación dun punto limpo fixo no Concello de Touro que de servizo ós seus veciños, favorecendo unha axeitada recollida, clasificación, almacenaxe e reemprego dos residuos domésticos.

Tipo de contrato: Subministro	
Obxecto do contrato: "Subministro de contedores para punto limpo fixo"	
Procedemento de contratación: aberto simplificado sumario	Tipo de tramitación: Ordinaria
Código CPV: 349284800-6 Contedores e cubos de residuos e lixo.	
Valor estimado do contrato: 49.030,36 € (excluído IVE)	
Orzamento base de licitación IVE excluído: 49.030,36 €	IVE (21 %): 10.296,38 €
Orzamento base de licitación IVE incluído: 59.326,74 €	
Prazo de entrega: 2 meses.	

Este valor estimado calculouse conforme ao que establece o artigo 101 da LCSP. Este valor é a suma do orzamento base de licitación, así como as eventuais modificación e, no seu caso, prórroga ou outras opcións, nos termos establecidos neste PCAP.

O IVE (imposto sobre o valor engadido) que corresponde aplicar é do 21 % (Lei 37/1992, do 28 de setembro, do imposto sobre o valor engadido)

Existe crédito axeitado e suficiente na bolsa de vinculación da partida 1621.629

Terceira.- No expediente consta, tal e como prevé o artigo 121 da LCSP, o prego de cláusulas administrativas particulares ao que se incorporan as determinacións técnicas esixidas pola lexislación especial reguladora da actividade obxecto do contrato.

Cuarta.- No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP).

Quinta.- No expediente consta o informe da Deputación Provincial da Coruña de análise previa de riscos, co fin de darlle debido cumprimento á delegación das atribucións do Concello de Touro (sesión de 23 de setembro 2022, aceptada polo Pleno da Deputación na sesión de 28 de outubro de 2022) en relación á prevención de riscos e de medidas anti-fraude na xestión do fondos NextgenerationEU (PLAN PREMADECOR), onde consta que non se aprecia ningún indicador de riscos e constan unhas recomendacións que foron tidas en conta e están incluídas no expediente e no prego de cláusulas administrativas.

Sexta.- A disposición adicional segunda da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, atribúe ao alcalde as competencias como órgano de contratación en aqueles contratos nos que o valor estimado non superen o 10% dos recursos ordinarios do concello do orzamento nin, en calquera caso, a contía de seis millóns de euros, incluídos os de carácter plurianual cando a súa duración non sexa superior a catro anos, eventuais prórrogas incluídas, sempre que o importe acumulado de todas as súas anualidades non supere a porcentaxe indicada, referida aos recursos ordinarios do orzamento do primeiro exercicio, nin a contía sinalada.

O órgano competente para aprobar o expediente é a Alcaldía xa que o importe do orzamento do contrato (importe sen prórrogas e máis IVE, como partida independente) non excede do 10% dos recursos ordinarios do orzamento (disposición adicional 2ª, 1 e 14 da LCSP, en relación co artigo 131 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas – RXLCAP, en adiante –, en relación co artigo 185 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

das Facendas Locais).

Esta competencia da Alcaldía está delegada na Xunta de Goberno Local (Acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local).

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a Memoria técnica valorada do “subministro de contedores para o punto limpo fixo no Concello de Touro” redactado por Pablo Blanco Ferreiro (Enxeñeiro de Camiños, C. e P.).

SEGUNDO. Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C005/000004, mediante procedemento aberto simplificado sumario, para o subministro contido no proxecto Punto Limpio Fijo del Concello de Touro por importe de 49.030,36 euros máis 10.296,38 € de IVE para un total de 59.326,74 €; cofinanciado ao abeiro da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto, de conformidade co informe de fiscalización emitido pola intervención polo importe de 59.326,74 € con cargo a partida 1621.62900.

CUARTO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e empregar como prego de prescricións técnicas a memoria valorada redactada polo Enxeñeiro de Camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado sumario con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 10 días hábiles se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) publicando no perfil do contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

Ao abeiro do acordo do Pleno do Concello de Touro polo que se crea a Xunta de Goberno Local e Decreto da Alcaldía do n.º 212/2023 do 10 de agosto polo que se delegan determinadas competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos catro membros que asisten á sesión, sendo este o seu número legal de membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar a Memoria técnica valorada do “subministro de contedores para o punto limpo fixo no Concello de Touro” redactado por Pablo Blanco Ferreiro (Enxeñeiro de Camiños, C. e P.).

SEGUNDO. Aprobar o expediente de contratación n.º 2024/C005/000004, mediante procedemento aberto simplificado sumario, para o subministro contido no proxecto Punto Limpio Fijo del Concello de Touro por importe de 49.030,36 euros máis 10.296,38 € de IVE para un total de 59.326,74 €; cofinanciado ao abeiro da Orde da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda do 28 de abril de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para o financiamento de actuacións en materia de recollida de residuos especiais de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE, no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede á súa convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para o ano 2022.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto, de conformidade co informe de fiscalización emitido pola intervención polo importe de 59.326,74 € con cargo a partida 1621.62900.

CUARTO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e empregar como prego de prescricións técnicas a memoria valorada redactada polo Enxeñeiro de Camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do procedemento de contratación por procedemento aberto simplificado sumario con publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante deste órgano de contratación, para que no prazo de 10 días hábiles se presenten as proposicións que se estimen pertinentes a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>) publicando no perfil do contratante a documentación integrante do expediente de contratación esixida pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.”

E para que conste e a salvo erro ou omisión involuntaria e coa particularidade do artigo 206 do Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, libro este certificado de orde do alcalde.

Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Visto e praxe: Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente